

Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES

EDICTO

Transcorrido o prazo de exposición pública (B.O.P nº 201 de 19 de outubro de 2020) e ao non terse presentado ningunha reclamación, considerárase aprobado definitivamente o Regulamento do Servizo Municipal de Recollida, Transporte e Tratamento de Residuos Domésticos e Asimilables, de acordo co art. 49 da Lei de Bases do Réxime Local. Conforme ao establecido no artigo 70.2 do citado texto legal faise público o texto íntegro do mesmo:

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS E ASIMILABLES

Exposición de motivos

Os municipios son os responsables últimos de facilitar as condicións necesarias para desenvolver a vida cidadá. En palabras da LBRL, os municipios institucionalizan e xestionan os intereses propios das correspondentes colectividade.

A Constitución Española no seu artigo 45 recoñece o dereito de todos os cidadáns a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, encomendando a as Administracións Públicas a función de velar pola utilización racional dos recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

A Directiva Marco de Residuos (DMR): 2008/98/CE establece a obrigatoriedade de tomar medidas para fomentar a prevención, a reutilización dos produtos e as actividades de preparación para a reutilización e a reciclaxe, garantindo o cumprimento dunha serie de obxectivos claramente definidos de redución, preparación para a reutilización, reciclado e valorización. Neste sentido, cobra particular importancia a xestión dos residuos orgánicos, tanto pola cantidade que suponen como polas implicacións ambientais da súa mala xestión.

Ademais publicouse un paquete lexislativo que revisa as directivas de residuos:

- A Directiva 851/2018/UE pola que se revisa a Directiva Marco de residuos.
- A Directiva 850/2018/UE pola que se revisa a Directiva de entulleiras.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EN0YZAUV5OPHKC1



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

- A Directiva 852/2018/UE pola que se revisa a Directiva de envases e residuos de envases.
- A Directiva 849/2018/UE pola que se revisan as Directivas de vehículos, de RAEEs e de pilas

Publicadas o 14 de xuño 2018 no DOUE.

Entraron en vigor o 5 de xullo (prazo de trasposición de dous anos).

A Directiva 2018/851/UE pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE plantexa:

- Nova definición Residuo Municipal
- Recollida separada obrigatoria:
 - Biorresiduos
 - Téxtiles
 - Residuos domésticos perigosos.
- Novos obxectivos de preparación para a reutilización e reciclado de residuos municipais (ademais do 50% en 2020):
 - 55% en 2025
 - 60% en 2030
 - 65% en 2035
- Novo obxectivo de vertedura de residuos municipais (DIRECTIVA 2018/850/UE): 10% en 2035

O marco normativo estatal está formado por:

1. Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados.
2. RD 180/2015 de traslado de residuos.
3. RD 148112001 sobre eliminación de residuos mediante depósito en entulleiras.
4. RD 815/2013 emisións industriais (incineración de residuos).
5. Lei 11/1997 de envases e residuos de envases e Regulamento (RD 782/1998).
6. RD 106/2008 sobre pilas e acumuladores e a xestión dos seus residuos (RD 710/2015).
7. RD 110/2015 RAEEs e RD 219/2013, RDHs.
8. RD 20/2017 sobre Vehículos ao final da súa vida Útil (VFU).
9. RD 1310/1990 sobre utilización de lodos de depuradora no sector agrario.
10. RD 1378/1999 polo que se establecen medidas para a eliminación e xestión dos policlorobifenilos, policloroterfenilos e aparellos que os conteñan (PCB/ PCT) (RD 228/2006)
11. RD 975/2009 sobre Residuos de Industrias Extractivas (RIE)



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

12. RD 679/2006 sobre Aceites Industriais Usados (AIU)
13. RD 105/2008 sobre Residuos de Construción e Demolición (RCD)
14. RD 1619/2005 sobre xestión de Pneumáticos Fóra de Uso (NFU)
15. RD 9/2005 sobre chans contaminados

Resulta tamén relevante o PEMAR 2016-2022 (Plan estatal marco de xestión de residuos), que obriga a obter para os residuos domésticos un índice de reciclaxe do 50% no ano 2020 e índices maiores para outras fraccións.

A Constitución española mediante os artigos 148 e 149, realiza unha distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, en virtude das cales corresponde ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación básica sobre a protección do medio ambiente e as comunidades autónomas a súa xestión, así como o establecemento de normas adicionais de protección.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu, a través do artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva para aprobar a normativa adicional sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución e, en base a ela, ven dictando normativas específicas sobre produción e xestión de residuos como foi a Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia e o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Posteriormente, o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara un novo escenario máis sostible e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e a valorización dos residuos. Foi actualizado por Resolución da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación ambiental.

Neste sentido, tanto os artigos 25.2 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de Abril reguladora das Bases de Réxime Local, como os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 12.5 da Lei 22/2011, de 28 de Xullo de Residuos outorgan aos Municipios competencias na materia de ordenación, xestión e control dos servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos ou municipais, así como a planificación, programación e disciplina da redución da produción dos devanditos residuos, e na ordenación, xestión e prestación do servizo de limpeza viaria.

Para iso, de acordo, coas previsións da Lei 22/2011, de 28 de Xullo, as Administracións Locais deberíase aprobar ou adecuar as Ordenanzas en materia de residuos aos contidos da normativa.

En cumprimento de este mandato, e en exercicio das competencias legalmente atribuídas ás Entidades Locais, o Concello de Meis acordou aprobar unha nova Ordenanza sobre Hixiene Urbana a fin de axustar a normativa municipal en materia de residuos aos contidos da vixente normativa, así como regular a xestión indirecta do mesmo, a través dunha nova concesión que se inicia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EN0YZAUV5OPHKCU1



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

A presente ordenanza ten por obxecto regular as operacións de xestión de da hixiene urbana e de a xestión de residuos no termo municipal de Meis.

Dende este punto de vista, o presente Regulamento ten por obxecto, en última instancia, regular as relacións entre a Entidade Xestora que presta o servizo con independencia de cal que sexa a fórmula que o Concello de Meis adopte para a súa xestión, e iso sen prexuízo de que sexan aplicables as demais disposicións de Réxime Local e de forma especial a Ordenanza Fiscal correspondente no que fai á determinación e cobramento das taxas e os usuarios do mesmo, sinalándose os dereitos e obrigas básicas a para cada unha das partes.

A LBRL 7/1985 no seu artigo 49 establece o procedemento para a súa aprobación sometida ao principio de información pública durante 30 días, sendo a competencia do Pleno municipal (artigos 22, 25 LBRL), manifestación do poder de potestade atribuída polo Ordenamento Xurídico para a regulación do servizo con efectos fronte a todos os cidadáns.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais.

Artigo 1º. Obxecto.

O presente documento ten por obxecto regular a xestión dos residuos domésticos e asimilables, de todas as súas fraccións ou fluxos (resto ou residuos mesturados, envases e embalaxes, papel e cartón, vidro e residuos especiais) e o fomento da súa redución, reciclaxe e outras formas de valorización, co fin de protexer a saúde humana, os recursos naturais e o medio natural, para conseguir unhas condicións de hixiene e salubridade que permita mellorar a calidade de vida e a convivencia de todos os cidadáns.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación.

Este regulamento será de aplicación a todas aquelas instalacións, servizos e actividades xeradoras de residuos domésticos e asimilables que se desenvolvan no ámbito territorial do concello e do Servizo de recollida e tratamento.

Artigo 3º. Definicións.

1. Para os efectos do disposto no presente Regulamento entenderase por:

a) Aceites vexetais usados: os residuos de aceites vexetais propios das actividades de fritir domésticas ou dos bares, restaurantes, hoteis e outros servizos de restauración, así como os aceites de conservas. Non se inclúen aquí outras graxas alimentarias.

b) Pila: a fonte de enerxía eléctrica obtida por transformación directa da enerxía química e constituída por un ou varios elementos primarios (non recargable).



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

c) Recollida: operación consistente no amoreamento de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.

d) Recollida especial: aquela recollida separada de utilización optativa por parte do usuario.

e) Recollida separada: a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo de natureza, para facilitar o seu tratamento específico.

f) Residuos comerciais: os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e ao detalle, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

g) Residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos: aparellos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, a partir do momento en que pasan a ser residuos.

h) Residuos de construción e demolición de obra menor: calquera residuo xerado nunha obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible do sector servizos, de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precisa do proxecto asinado por profesionais titulados.

i) Residuos de envases: todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor.

j) Enténdese como envase doméstico aquel que cumpre os requisitos da definición na Lei 11/97 de envases e residuos de envases de 24 de abril no seu capítulo I, artigo 2 “definicións” e no Regulamento para o desenvolvemento da mencionada lei (Real Decreto 782/1998 de 30 de abril) no seu artigo 2 “definicións”: “Os envases que non correspondan a esta definición considéranse envases comerciais ou industriais.

k) Residuos domésticos: residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

l) Considérase residuo doméstico aquel que cumpre cos requisitos da súa definición segundo é feita no título I, capítulo I artigo 3º, epígrafe b da Lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos e solos contaminados.

Polo tanto teñen a consideración de residuos domésticos:

- i. Os similares aos anteriores xerados en comercios, servizos e industrias.
- ii. Os producidos nos fogares por aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e utensilios do fogar, así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- iii. Os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

m) Residuos industriais: os resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, de 15 de novembro.

n) Residuos municipais: serán residuos de competencia municipal.

i. Os residuos domésticos.

ii. Os residuos comerciais non perigosos.

o) Residuo perigoso: aquel que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no Anexo III da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como aquel que poida aprobar o goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte, así como os recipientes e envases que os conteñan.

p) Residuos sanitarios asimilables aos domésticos: son os xerados como consecuencia das actividades sanitarias prestadas en centros sanitarios, tales como hospitais, clínicas, consultas de profesionais liberais, centros socio sanitarios, ou centros veterinarios, entre outros, que non teñen a clasificación de perigosos e que, de acordo coa normativa, non esixan requisitos especiais de xestión.

q) Unidades comerciais: aquelas dependencias dos mercados destinadas á venda ao público e á prestación de servizos remunerados de carácter empresarial ou profesional, calquera que sexa o seu titular e con independencia do carácter que posúan: locais, casetas, ou outras.

r) Residuos Voluminosos: aqueles residuos que se produzan nos fogares que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria: electrodomésticos, mobles, colchóns, Somiers...

2. Para o resto de definicións estarase ao disposto na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e normativa que a desenvolve.

Artigo 4º. Obrigas xerais.

Os usuarios do servizo están obrigados a:

- Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal forma que se aproveite o máximo a capacidade das bolsas e contedores das rúas.
- Separar os residuos e depositalos nos contedores ou puntos de recollida establecidos de acordo co presente regulamento.
- Cumprir cos horarios de depósito e entrega dos residuos.
- Comunicarlle aos concellos no teléfono disposto de atención aos cidadáns para este Servizo a existencia de residuos abandonados nas rúas ou espazos públicos tales como vehículos, mobles, animais mortos, entullos ou calquera outro tipo.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

Artigo 5º. Prohibicións.

Prohíbese expresamente:

- Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos no contorno ou medio físico, e as cesións, a título gratuito ou oneroso, de residuos a persoas físicas ou xurídicas que non posúan a debida autorización ao efecto e sexan xestores de r.s.u.
- Depositaren residuos en contedores, contravindo o disposto neste regulamento.
- Mover ou trasladar os contedores do seu emprazamento e manipular os elementos que os suxeitan.
- Manipular os residuos despois de que se depositasen nos contedores ou na vía pública nas modalidades de recollida que se realicen directamente sobre ela (recollida de voluminosos ou porta a porta de cartón comercial, entre outras).
- Incinerar residuos en todo o ámbito territorial que abarca o Servizo municipal, coa excepción daquelas instalacións autorizadas.
- Utilizar os contedores para fins distintos aos previstos nesta ordenanza.
- Situar vehículos ou outros elementos diante dos contedores situados na vía pública ou de forma que se impida a súa recollida polos operarios do servizo.
- Entregarlle os residuos a un xestor non autorizado.

CAPÍTULO II.

Da prestación do servizo.

Artigo 6º. Actuacións.

O Servizo de Recollida comprende as seguintes actuacións:

- a. Traslado ou elevación dos contedores de residuos desde a súa localización aos vehículos de recollida, baleirado e devolución dos contedores aos seus puntos orixinais.
- b. Retirada dos restos vertidos a consecuencia das anteriores operacións.
- c. Traslado dos residuos desde os puntos de recollida e baleirado nos vehículos de recollida.
- d. Transporte dos residuos recollidos ás instalacións de xestión adecuadas.
- e. Mantemento, lavado e reposición dos contedores e outros medios de recollida, con excepción daqueles contedores que sexan de uso exclusivo.
- f. Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.
- g. Xestión e control de composteiros individuais e C.C.C. (Centros de compostaxe colectivo).



Artigo 7º. Definición dos fluxos de recollida

- Fluxo de resto: residuos mesturados que non son obxecto de recollida selectiva ou que non son separados para a súa reciclaxe polos cidadáns. Estes residuos depositáanse nos contedores (xeralmente de 800 ou 1.000 litros de capacidade ou de 2.400 ou 3.200, ou similares, no caso da recollida lateral) de corpo e tapa de cor verde.
- Fluxo de envases lixeiros e embalaxes: son aqueles residuos que se depositan nos contedores (tipo “igloo”, de 800 ou 100l de capacidade, ou de 2400 ou 3200, ou similares no caso da recollida lateral) de cor amarelo e que se corresponden cos residuos de envases de plástico, envases metálicos e envases de cartón para bebidas (tetrabricks), e son separados, para a súa reciclaxe, polos cidadáns.
- Fluxo de papel e cartón: está constituído polos residuos de papel e cartón, depositados nos contedores (xeralmente de 3.000 litros) de cor azul e que se corresponden con revistas, caixas, libros ou envoltorios, entre outros, e son separados polos cidadáns para a súa reciclaxe.
- Fluxo de vidro: está constituído polos residuos de envases de vidro depositados polos cidadáns, comunmente nos contedores (tipo “igloo”, de 800 ou 100l de capacidade, ou de 2400 ou 3200, ou similares no caso da recollida lateral) de cor verde para a súa reciclaxe.
- Fluxo de voluminosos e de aparellos eléctricos e electrónicos: está constituído por aqueles residuos domésticos que polo seu tamaño non poden ser depositados nos colectores de “resto” nin nos de recollida selectiva. Inclúense os seguintes:
 - Mobles (sofás, cadeiras de brazos, armarios e outros)
 - Colchóns e somieres.
 - Aparellos eléctricos e electrónicos de liña branca, electrodomésticos relacionados cos labores domésticos de conservación de alimentos e acondicionamento térmico (lavadoras, frigoríficos, secadoras e outros).
 - Aparellos eléctricos e electrónicos de liña marrón, correspóndense cos aparellos audiovisuais (televisores ou estéreos, entre outros).
 - Aparellos eléctricos e electrónicos de liña gris, correspóndense cos equipos de información e telecomunicación (ordenadores, impresoras, e máis).
 - Outros producidos nos fogares, asimilables a residuos domésticos
- Fluxo de fracción orgánica:
 - A materia orgánica defínese como residuos biodegradables que abarcan aos residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares e os residuos de pequenos xardíns e parques. Estes residuos entregáranse sempre no interior de bolsas de plástico, preferiblemente biodegradables, dificilmente desgarrables debendo ter capacidade suficiente para permitir o seu peche e cuxo peso máximo non excederá de 15 quilogramos. Estes residuos depositaranse nos contedores de cor marrón de diferentes capacidades, ou composteiros individuais e c.c.c.,



unha vez que se implante esta recollida separada e/ou composteiros. Tanto a frecuencia de recollida, coo horario de depósito, e restantes normas de utilización dos contedores, etc., serán de aplicación todo o relativo a fracción resto.

Artigo 8º. Residuos excluídos.

- Non obstante o sinalado no artigo anterior, conforme á lexislación vixente, e sempre que se trate de residuos distintos aos xerados nos domicilios particulares, o Servizo municipal poderá, por motivos xustificados, obrigar os seus produtores ou posuidores a xestionalos por si mesmos.
- Asemade poderá obrigar os posuidores ou produtores a que adopten as medidas necesarias para eliminar ou reducir, na medida do posible, aquelas características que presenten que os fagan perigosos ou que dificulten a súa recollida, transporte ou aproveitamento, ou a que os depositen na forma e lugar axeitados.
- Quedan fóra do ámbito de aplicación deste regulamento todos aqueles residuos que non teñen a cualificación de domésticos e asimilables e que se poidan cualificar como perigosos (Anexo III) conforme á Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 9º. Titularidade dos residuos.

- Para todos os efectos os residuos terán sempre un titular responsable, cualidade que corresponderá ao seu produtor, posuidor ou xestor.
- Unha vez entregados os residuos domésticos para a súa xestión, cumprindo as prescricións contidas na Ordenanza municipal e demais normativas aplicables, o Concello adquire a propiedade sobre eles quedando os produtores, posuidores ou xestores exentos de responsabilidade polos danos que tales residuos puideran causar.

Artigo 10º. Obrigas e responsabilidades dos produtores ou posuidores de residuos.

- Os produtores ou posuidores de residuos domésticos e asimilables cuxa xestión obrigatoria corresponda ás entidades locais e, polo tanto, ao Servizo Municipal, están obrigados a poñelos a súa disposición para proceder ao seu reciclado, valorización ou eliminación e ao pagamento das correspondentes taxas de conformidade coa Ordenanza fiscal.
- O Servizo municipal realizará as operacións de xestión a través de empresas concesionarias ou calquera outra forma de xestión directa ou indirecta dos servizos públicos.
- Mentres se atopan no seu poder, os posuidores de residuos domésticos e asimilables están obrigados a almacenalos nas debidas condicións de seguridade e hixiene, que non supoñan ningún risco ou produzan molestias por olores, insectos, lixiviados, dispersión ou calquera outra causa, cumprindo coa lexislación sanitaria correspondente.



- Para os efectos da súa correcta xestión os produtores ou posuidores de residuos domésticos e asimilables deberán separar en orixe as fraccións residuais sinaladas nos artigos anteriores, ou as que se poidan establecer no futuro.
- Os posuidores de residuos domésticos e asimilables cuxa xestión obrigatoria lle corresponda ao Servizo municipal e que llos entreguen a un terceiro serán responsables solidarios con ese terceiro de calquera prexuízo que puidera derivarse.
- Os posuidores de residuos deben utilizar correctamente os contedores das diferentes fraccións de residuos que están establecidas, en canto a horarios e forma de depósito, tipo de residuo a depositar, etc.
- Dos danos que se produzan nas distintas operacións de xestión como consecuencia da mala fe na entrega dos residuos ou da falta de información

Artigo 11º. Promoción da separación dos residuos en orixe.

O Servizo municipal promoverá a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e para a recollida selectiva dos residuos domésticos e comerciais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral coma a axentes sociais representativos (sectores empresariais, colexios, institucións, asociacións veciñais, comunidades de propietarios, e outras).

Artigo 12º. Convenios de colaboración.

O Servizo municipal fomentará a sinatura de convenios de colaboración con sectores de actividade representativos e grandes produtores co fin de conseguir unha óptima xestión dos residuos domésticos.

Asemade, o Servizo poderá realizar convenios de colaboración con asociacións ou sistemas integrados de xestión para a colocación na vía pública de contedores destinados a determinadas fraccións de residuos susceptibles de aproveitamento.

Artigo 13º. Tipoloxía dos contedores de uso colectivo.

- Para proceder á recollida das distintas fraccións de residuos domésticos e de pequenos produtores será obrigatorio o seu depósito en contedores de uso colectivo situados na vía pública. Cada fracción deberá depositarse nos contedores específicos destinados a tal fin.
- A tipoloxía de contedores na vía pública para cada tipo de fracción será a seguinte, salvo excepcións:
 - Contedor verde con tapa verde de 800 litros ou 1.000 litros para o depósito da fracción resto. No suposto de recollida lateral, os volumes, poderían ser de 2.400 ou 3.200 l, ou os necesarios segundo o tipo de vía.
 - Contedor marrón de capacidades semellantes ou anterior para o depósito da fracción orgánica.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

- Contedor de corpo amarelo con tapa amarela de 800 litros para a fracción de envases, “igloo” de 3 m³, ou no suposto de recollida lateral: 2.400 e 3.200 l, ou similares.
 - Contedor metálico azul de 3.000 litros para as fraccións de papel e cartón, “igloo” de 3 m³, ou os xa citados para recollida lateral.
 - Iglú verde de 3.000 litros, para a fracción vidro, ou no seu caso os nomeados para recollida lateral.
- Sen prexuízo do sinalado neste artigo, o Servizo municipal, atendendo a circunstancias urbanísticas, de minimización do impacto visual ou organizativas, poderá articular outros sistemas de recollida de residuos para as fraccións sinaladas en zonas concretas do territorio.
- Asemade, o Servizo municipal poderá ampliar ou modificar a tipoloxía de contedores sinalada neste artigo para a separación en orixe e depósito doutras fraccións específicas de residuos, así como agrupalos en “illas”, ou dispoños en beirarrúas.

Artigo 14º. Situación dos contedores de uso colectivo.

O Servizo municipal será o único competente para proceder á instalación de contedores na vía pública e determinará o número, volume e situación deles.

- A premisa fundamental para a situación dos contedores será que entre estes e os domicilios ou lugares de produción exista a menor distancia posible, pero atendendo sempre ás características urbanísticas, paisaxísticas e de poboación de cada zona, así como á seguridade viaria, accesibilidade peonil, prevención de riscos laborais e operatividade dos servizos de recollida. Estas consideracións realizaranse a partir dos informes do departamento técnico municipal, xunto coas indicacións recibidas da empresa concesionaria, así como as suxestións dos propios usuarios.
- Os contedores localizaranse segundo os puntos ou áreas estratéxicas de achega, que poderán estar compostas por varias unidades das diferentes tipoloxías para o depósito das correspondentes fraccións. A súa situación escollerase de xeito que non dificulten a mobilidade peonil ou o tráfico e ocupando o menor espazo posible.
- Todos aqueles contedores de carga traseira que o precisen disporán dunha ancoraxe homologada que impida que se movan polas inclemencias meteorolóxicas ou por outras causas. Os sistemas de suxeición só poderán ser retirados no momento da recollida por parte da concesionaria do servizo; en calquera outra circunstancia deberase contar coa autorización expresa do Servizo municipal.
- En xeral, os contedores colocaranse en calzadas nas que estea permitido o tránsito de vehículos e na dirección da circulación, sen que sexa necesario entrar en dirección prohibida para recoller os residuos, salvo que a correspondente sinalización o estableza expresamente.
- O Servizo municipal poderá establecer outros sistemas para a situación dos contedores na vía pública tales como recintos, de madeira ou metálicos, recuamentos



nas beirarrúas, entre outros, de xeito que resulten os máis apropiados para as características urbanísticas ou paisaxísticas da zona.

- Os contedores poderán estar identificados mediante un chip ou transponders que contén un código. Estes chips serían identificados mediante os lectores instalados nos camiós, permitindo a supervisión da realización das rutas e levar un historial asociado a cada contedor, así como o coñecemento das cantidades de residuos depositadas nel.

Artigo 15º. Limpeza e mantemento dos contedores de uso colectivo.

- O Servizo municipal realizará os labores de limpeza, conservación e mantemento dos contedores de uso colectivo, dos seus elementos de suxeición e dos espazos que ocupan a través da correspondente empresa concesionaria.
- A empresa concesionaria do servizo lavar, desincrustará e desinfectará periodicamente os contedores de uso colectivo, co fin de eliminar a sucidade das estruturas e os malos olores. Procederáse tamén, regularmente, á eliminación da publicidade e pintadas.

A periodicidade de lavado será, como mínimo:

- Para os contedores da fracción de resto e orgánica, de 2 lavados/mes en verán e 1 lavado/mes no resto do ano.
 - Para o fluxo de envases, tal como esixe o Convenio marco de Ecoembes, será de 4 lavados ao ano nos contedores de tipoloxía rural, 7 lavados nos de tipoloxía semiurbana e 8 nos de tipoloxía urbana.
 - Para o fluxo de papel e cartón, tal como esixe o Convenio marco de Ecoembes, será de 1 lavado ao ano nos contedores de tipoloxía rural, 2 lavados nos de tipoloxía semiurbana e 3 nos de tipoloxía urbana.
 - Para o fluxo de vidro, tal como esixe o Convenio marco de Ecovidrio, será de 4 lavado ao ano.
- Nos casos do fin da vida útil dos contedores ou desaparición, falta ou deterioración grave dalgún dos elementos como as rodas, as tapas ou as suxeicións, estes serán repostos coa maior brevidade posible por parte da empresa concesionaria, con excepción daqueles contedores que sexan de uso exclusivo ou particular.

Artigo 16º. Contedores de uso exclusivo ou particular.

- Os grandes produtores de residuos: locais, establecementos, industrias, etc. situados ou non en solo industrial, dependendo das súas particulares características, deberán dispor de contedor propio para a recollida dos residuos domésticos ou asimilables, dando parte ao Servizo municipal para a súa incorporación ás rutas de recollida. Tamén se procederá a establecer contedores de uso exclusivo naquelas zonas do territorio que por as súas especiais características urbanísticas ou ambientais o fagan preciso.



- Os posuidores destes contedores serán ademais responsables do seu estado de limpeza e mantemento e da súa correcta situación.
- Os usuarios que dispoñan de contedores de uso exclusivo e retornable colocarán ditos contedores na beirarrúa, o máis próximo posible da beira, para que sexan recollidos e, unha vez baleirados, serán retirados da vía pública, aténdose aos horarios establecidos con carácter xeral.

Artigo 17º. Presentación dos residuos polos cidadáns.

- Os cidadáns están obrigados á separación dos residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios, en tantas fraccións como recollidas separadas se establezan no Regulamento e a súa disposición nos contedores, lugares e horarios establecidos para o efecto.
- Os residuos correspondentes ás fraccións resto e envases e embalaxes depositaranse nos contedores, sempre en bolsas de plástico dificilmente desgarrables debidamente pechadas e consistentes co fin de evitar a súa dispersión e as verteduras á vía pública e de procura evitar danos ao persoal que os manexe, dentro do horario establecido. No suposto da recollida selectiva da fracción orgánica utilizarase preferentemente bolsa biodegradable.
- Os residuos das fraccións de papel e cartón e vidro deberán depositarse unitariamente e sen bolsa nos contedores dispostos para tal fin. O papel e cartón depositarase pregado ou dobrado e os envases de vidro baleiros e sen tapas.
- Nas zonas comerciais, onde se implante a recollida “porta a porta”, o papel- cartón disporase polos usuarios dobrado, embalado e atado, para evitar o ensuciamento da vía pública.

Artigo 18º. Normas de utilización dos contedores polos usuarios.

1. Deberán observarse as seguintes normas de uso:

- Utilizarase o contedor correspondente para cada fracción ou fluxo de residuo
- Utilizaranse os contedores máis próximos ao lugar de produción. Se un contedor se atopase cheo os residuos depositaranse no contedor máis próximo para a mesma fracción de residuos, evitando os desbordamentos e o depósito de residuos no chan.
- En xeral, os residuos de gran tamaño toraranse e/ou pregaranse para que ocupen o menor volume posible antes de depositalos no contedor correspondente.
- O servizo municipal de limpeza depositará os residuos da limpeza manual das rúas e baleirado de papeleiras no contedor da fracción resto.
- Deberase cumprir cos horarios de depósito establecidos na Ordenanza
- Deberase pechar a tapa do contedor despois de depositar os residuos; nunca deberá deixarse aberta, evitando así a dispersión de residuos e a entrada de auga ou animais.



2. Queda expresamente prohibido:

- Depositar bolsas ou residuos soltos fóra dos contedores e/ou na vía pública
- Depositar residuos sen separar nas correspondentes fraccións e/ou en contedores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en contedores dispostos na vía pública para outra clase de residuos.
- Depositar residuos en contedores non homologados polo Servizo municipal
- Depositar residuos en contedores de uso exclusivo salvo polo titular deles
- Introducir nos contedores residuos voluminosos do fogar, residuos da construción e demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos no contedor.
- Depositar residuos líquidos ou susceptibles de licuarse, que poidan producir lixiviación nos contedores ou na vía pública, nin materiais en combustión ou que conteñan elementos inflamables, explosivos, nocivos ou perigosos.
- Depositar residuos nos contedores sen bolsa, no interior de caixas ou paquetes ou a granel.

Artigo 19º. Horario para o depósito de residuos.

- Fraccións resto, e/ou orgánica entre as 20:00 e 23:30 horas, unicamente os días estipulados de recollida en horario nocturno, e depósito os días anteriores aos estipulados de recollida en horario diúrno. O Servizo municipal poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.
- A fracción de papel e cartón poderá depositarse a calquera hora do día nos contedores específicos dispostos na vía pública para este fin, sempre que o contedor teña cabida.
- O vidro poderá depositarse ao longo do día, entre as 8:00 e 22:00 horas nos contedores específicos situados na vía pública para esta tipoloxía de residuo.
- Os envases e as embalaxes poderán depositarse a calquera hora do día nos contedores específicos dispostos na vía pública para este fin.

Artigo 20º. Recollida mediante contedores de uso exclusivo ou particular.

- Os medianos e grandes produtores deberán depositar os seus residuos en contedores de uso exclusivo ou particular seguindo a tipoloxía de contedor establecida (verde resto, amarelo envases, azul papel, iglú para o vidro).
- Os contedores deberá adquirilos o particular debéndose aboar a correspondente taxa por este servizo tal e como se establece na Ordenanza fiscal.
- Cada un destes contedores estará identificado mediante un chip que terá unha información adxunta, na que constará o titular do contedor, a súa tipoloxía e a súa adscrición a unha actividade concreta.



- Estes contedores estarán situados no interior dos establecementos ou locais de negocio sendo o produtor ou posuidor dos residuos o responsable da súa posta a disposición para o servizo de recollida.
- Cando o produtor dispoña do número de contedores que precise e estea dado de alta no Padrón, deberá comunicarllo ao Servizo municipal para proceder á colocación do correspondente chip e incorporalo ás rutas de recollida. Esta comunicación levará aparelhada un estudio dos técnicos do Servizo relativo ao volume de residuos xerados pola actividade de que se trate, co fin de estudar a adecuación do número de contedores adquirido. Do resultado do estudo poderá concluírse a necesidade de ampliar ou limitar o número de contedores así como o agrupamento de contedores para varias actividades.
- Os titulares dos contedores serán responsables do seu lavado, limpeza, mantemento e da súa reposición ao fin da vida útil do contedor.

Artigo 21º. Xestión de voluminosos e cadáveres de animais de compañía.

21.1.- Voluminosos.

- Enténdense por voluminosos os residuos integrados por electrodomésticos, mobles, colchóns, somieres e trastes vellos provenientes das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda e que polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais non poden ser retirados polo servizo de recollida convencional, sendo necesario un servizo de recollida específico.
- As persoas que desexen desprenderse de residuos domésticos voluminosos poden facer uso de:
 - O servizo especial de recollida de voluminosos regulado no punto seguinte e que implica a recollida destes residuos na vía pública.
- Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos en vía pública sen comunicación previa no teléfono de atención cidadá disposto para tal fin. Este feito será considerado como falta grave.
- Como regra xeral só se permite o depósito diario de tres unidades por cada posuidor de calquera destes residuos.
- Non se permite o depósito daqueles elementos para o manexo dos cales sexa necesario o emprego de medios mecánicos tales como guindastres ou poleas, entre outros, ou aqueles que non estean preparados para o seu inmediato traslado. Nestes casos, o propietario ou posuidor destes deberá xestionalos pola súa conta.
- O usuario do servizo colocará os residuos sobre a beirarrúa, á beira dos contedores domiciliarios colectivos máis próximos e nos horarios acordados co Servizo de Atención Cidadá, para que poidan ser retirados pola empresa concesionaria.
- Calquera posuidor destes residuos que desexe utilizar o servizo, deberá chamar ao teléfono de atención cidadá indicando o seu nome, domicilio, teléfono de contacto e



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

a descrición dos residuos que desexa depositar na vía pública. O tempo máximo de espera non será superior a unha semana.

- Os usuarios do teléfono de atención cidadán serán informadas do día e da hora para depositar o residuo, en función da zona á que pertenza.
- Os residuos voluminosos provenientes de actividades comerciais, de servizos, ou doutros establecementos públicos ou privados non poderán utilizar este servizo sen a autorización expresa do Servizo municipal e deberán ser entregados a xestor autorizado.

21.2.- Cadáveres de animais de compañía.

- Deberanse recoller os cadáveres ou restos de animais de compañía, das especies canina e felina, así coma de outras que vivan xeralmente no fogar, que se atopen abandonados na vía pública e serán transportados a xestores autorizados. Considérase a efectos de este Regulamento como asimilable a residuos domésticos aqueles cun peso inferior a 40 kg.

Artigo 22º. Frecuencia de recollida de residuos.

- A frecuencia da recollida será a adecuada en todo o territorio, de xeito que en ningún caso se xerarán desbordamentos dos puntos de conterización ou problemas de malos olores para a cidadanía.
- A recollida de contedores da fracción resto e/ou orgánica nas zonas urbanas, efectuarase con carácter xeral entre tres e catro días á semana nas zonas urbanas, e de dous e tres días á semana nas zonas rurais, preferiblemente en horario nocturno.
- A recollida das fraccións de envases e embalaxes, papel e cartón e vidro será preferentemente diúrna e realizarase antes de que os contedores se enchan por completo, sendo a empresa concesionaria a responsable de programar a recollida en función das necesidades. Sen prexuízo do anterior as frecuencias mínimas de recollida deste tipo de fraccións serán as seguintes:
 - Envases e embalaxes: nas zonas urbanas dous días á semana e cada dez días nas zonas rurais.
 - Papel e cartón: unha vez á semana nas zonas urbanas e de forma quincenal nas zonas rurais. Establecerase a recollida “porta a porta” nos comercios, con periodicidade semanal.
 - Vidro: nas zonas urbanas un día á semana e cada dúas semanas, nas zonas rurais.
- Nas zonas rurais o concesionario establecerá a vixilancia e o control necesario dos niveles de enchido dos contedores de envases e embalaxes, papel e cartón e vidro, coa finalidade de evitar desbordamentos dos materiais e os consecuentes prexuízos para veciñanza, organizando con esta información a periodicidade máis conveniente en cada caso, se fose necesario.
- En canto ás recollidas especiais ou de voluminosos levaranse a cabo mediante petición telefónica ao número de atención cidadán disposto polo adxudicatario, e



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

establecerá a frecuencia de recollida que considere máis oportuna para a prestación adecuada do servizo de forma que o tempo de espera máximo do usuario sexa de sete días. Tamén deberá recoller todos os residuos desta categoría que se depositasen na beira dos contedores de recollida ordinaria (resto, envases e embalaxes, papel e cartón e vidro).

- As frecuencias de recollida de todas as fraccións deberán incrementarse na tempada estival se fose necesario. Así, nas zonas urbanas do concello con elevado aumento da poboación estacional realizarase a recollida cunha frecuencia adaptada a cada fracción.
- A recollida nos mercados municipais será diaria, agás os domingos e festivos, de todos os residuos xerados neles. Establecerase inmediatamente despois do peche das instalacións e os residuos situaranse en colectores destinados para iso, no interior dos devanditos edificios e nun recinto propio con acceso directo ao exterior. Estes colectores deberán encontrarse en perfecto estado de uso e limpeza, polo que deberán lavarse unha vez por semana.
- En canto sexa detectada a presenza de animais domésticos mortos na vía pública, ben por persoal da concesión, ben polo propio concello ou ben a través de denuncia dos cidadáns, o concesionario procederá á súa retirada inmediata no prazo máis breve posible, sen superar este as 24 horas. De envorcárense líquidos orgánicos procederase á limpeza e desinfección do lugar.
- Para actividades temporais ou provisionais e itinerantes (circos, feiras, festas das vilas, parroquias, núcleos e nas urbanizacións e similares) o contratista deberá dispoñer dos colectores necesarios xunto á localización destas actividades e recoller os residuos que se produzan polo menos unha vez ao día e durante a duración temporal da actividade, no modo que o Servizo municipal determine para que a recollida destes residuos sexa nas mellores condicións.
- A recollida dos ramallos procedentes de pequenas podas caseiras levarase a cabo segundo a oferta dos licitadores.
- Naqueles poboados con rúas de acceso restrinxido é necesario que os vehículos contedores teñan acceso libre para a recollida, así como no peche temporal de rúas pola realización de obras.
- No caso de que a empresa concesionaria non puidese realizar os labores de recollida por imposibilidade de acceso aos contedores os labores de xestión dos residuos deberán ser realizados por aquel ou aqueles que a imposibilitasen sufragando os custos correspondentes.
- A presenza de automóbiles ou de calquera outro elemento ou circunstancia que imposibilite ou dificulte os labores de recollida será considerada como infracción grave imputándoselle a responsabilidade a aquel ou aqueles que a provocasen.



*Artigo 23º. Compostaxe nos fogares e centros de compostaxe.***23.1.- Obxectivos da compostaxe.**

Atendendo ao principio ambiental de solución dos problemas, preferentemente en orixe, o Concello de Meis, fomentará a implementación de sistemas de autocompostaxe; os obxectivos que se perseguen con esta acción son os seguintes:

- Pechar o ciclo da materia orgánica, ao dar valor ao residuo como recurso. Reducir o transporte da fracción orgánica a planta de tratamento.
- Empregar o compost producido como abono no canto doutros abonos químicos o que redundara nunha mellora da fertilidade, estrutura e funcionalidade da terra.
- Sensibilizar e formar a cidadanía con respecto ao medio ambiente xa que cada persoa participa no proceso de xestión dos residuos que ela mesma xera.
- Promover a participación cidadá, tanto no planto individual como no colectivo.

23.2.- Compostaxe nos fogares.

1. A entidade xestora promoverá a compostaxe nas zonas rurais, periurbanas e naqueles fogares que reúnan as condicións para desenvolver esta actividade e que poidan dar cumprimento aos obxectivos establecidos no artigo anterior.

2. Paralelamente, a entidade xestora realizará campañas de formación específicas entre a poboación co obxecto de lograr un bo desempeño da compostaxe.

3. Asemade, a entidade xestora facilitará os medios necesarios e apoio técnico aos usuarios para desempeñar a compostaxe de maneira eficiente, eficaz e segura.

23.3.- Centro de compostaxe comunitaria. (C.C.C.)

1. Nas zonas que determinen, o Concello de Meis e a entidade xestora se habilitarán zonas de compostaxe comunitaria para o tratamento dos residuos susceptibles de ser compostados.

2. Os usuarios destas CCC deberán observar as normas de uso que se establezan, especialmente no referente a materiais compostables, formas nas que se debe facer o depósito, e os horarios de uso da zona, aportación de estruturante, etc.

CAPÍTULO III.- TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.*Artigo 24º. Disposición xeral.*

As instalacións dedicadas ao tratamento, transformación, compostaxe, reciclaxe, incineración ou outras solucións técnicas relativas aos residuos, deberán acomodarse ao disposto na lexislación internacional (europea), estatal, autonómica e local. O destino dos residuos recollidos polo servizo municipal son as instalacións de tratamento de SOGAMA: planta de transferencia, complexo ambiental de valorización enerxética, ou aquelas que en cada momento se determinen.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

Artigo 25º. Prohibicións xerais.

1. Queda prohibido o abandono de cadáveres de animais. O seu tratamento e eliminación axustarase á normativa xeral sanitaria.

2. Así mesmo, queda prohibido calquera abandono de residuos, entendendo por tal todo acto que teña como resultado deixar incontroladamente materiais residuais no contorno ou medio físico, e as cesións, a título gratuito ou oneroso, de residuos a persoas físicas ou xurídicas que non posúan a debida autorización municipal ao efecto e sexan xestores de r.s.u.

O servizo poderá recoller os residuos abandonados e eliminalos, imputando o custo destas operacións aos responsables, sen perda da sanción que corresponda nin da esixencia das responsabilidades civís e penais que procedan.

3. Tamén está prohibida a incineración incontrolada de residuos sólidos, industriais ou de calquera tipo, a ceo aberto.

Artigo 26º. Responsabilidades dos usuarios.

1. Os produtores de residuos e usuarios en xeral, que os entreguen para o seu tratamento e/ou eliminación a un terceiro, serán responsables solidarios con este de calquera dano que puidese derivarse. Así mesmo responderán, solidariamente, das sancións que se impoñan.

2. Dos danos que se produzan nos procesos de tratamento e eliminación, como consecuencia da mala fe na entrega dos residuos ou falta de información sobre as características dos produtos entregados, serán responsables os produtores dos residuos obxecto desta anomalía.

CAPÍTULO IV.
Infraccións e sancións.

Artigo 27º. Infraccións.

Constitúen infraccións as seguintes actividades e situacións:

1. Infraccións de carácter leve:

- Non poñer a disposición do Servizo municipal os residuos xerados nas condicións establecidas neste regulamento.
- Depositar residuos fóra dos contedores ou dos C.C.C., destinados a tal fin
- Depositar os residuos nun horario e lugar distinto ó establecido neste regulamento.
- Realizar actos que impidan as operacións de recollida e traslado dos residuos por parte do Servizo municipal.
- Depositar os residuos nos colectores destinados á fracción de fluxo de resto de forma mesturada (sen segregar as fracción reciclables como os envases lixeiros, papel e cartón e vidro) e sen estar contidos en bolsas ou embalaxes pechados.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

- Mover ou desprazar os contedores sen consentimento do Concello de Meis.
- Negar información solicitada polo Concello ou pola empresa concesionaria sobre os residuos potencialmente perigosos ou tóxicos, ou no caso de que efectivamente o sexan, sobre a súa orixe ou características, entre outras.

2. Infraccións de carácter grave:

- Impedir ou obstaculizar as operacións de carga, mantemento e lavado dos contedores ou calquera outra prestación do servizo.
- Impedir as inspeccións e comprobacións necesarias para o efectivo cumprimento do Regulamento.
- Subtraer residuos unha vez que sexan correctamente depositados
- Depositar os residuos en colectores ou C.C.C., distintos ós especificamente asignados polo Servizo.
- Abandonar residuos voluminosos na vía pública
- A reiteración de faltas leves.

3. Infraccións de carácter moi grave:

- Realizar calquera acción cos residuos que sexa contraria ó establecido neste regulamento sempre que se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se poña en perigo grave a saúde das persoas.
- A negativa por parte dos usuarios, sen causa xustificada, de poñer a disposición do Servizo Municipal os residuos por el producidos.
- Depositar residuos fóra das zonas establecidas (contedores, C.C.C.) polo Servizo municipal.
- Depositar residuos perigosos nos contedores
- Depositar os residuos incumprindo as condicións, lugares e horarios establecidos ó efecto polo Servizo Municipal neste regulamento.
- Danar os contedores ou C.C.C., realizar pintadas ou grafitis, pegarlles carteis ou adhesivos de calquera tipo ou utilizalos con fins publicitarios, sendo responsable directo o subsidiario, o autor ou anunciante.
- Evacuar residuos pola rede de saneamento
- A reiteración de faltas graves

Artigo 28º. Sancións.

Na aplicación das sancións atenderase ó grao de culpabilidade, á entidade da falta cometida, ó perigo que implique a infracción, á reincidencia ou reiteración e ás demais circunstancias atenuantes ou agravantes que concorran.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

As sancións aplicables serán de ata novecentos (900,00) euros para as infraccións leves; de novecentos un (901,00) euros a corenta e cinco mil (45.000,00) euros para as infraccións graves; de corenta e cinco mil un (45.001,00) euros ó tope máximo atribuído na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados para as infraccións moi graves. Sen prexuízo de todo iso, os infractores responderán dos custos que se orixinen polos seus actos e estarán obrigados a restablecer a situación ó momento anterior á súa infracción.

Artigo 29º. Execución alternativa de sancións económicas mediante traballos en beneficio da Comunidade.

Ante a problemática socioeconómica e familiar que orixina o abono en metálico das sancións administrativas dimanantes de infraccións ao presente regulamento, suscítase a posibilidade de substituír aquelas por traballos en beneficio da Comunidade.

29.1.- Consideraranse traballos en beneficio da Comunidade a prestación da cooperación persoal non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública, con interese social e valor educativo, tendente a servir de reparación para a Comunidade prexudicada polo ilícito administrativo e non supeditada ao logro de intereses económicos.

A modo orientativo e sen que supoña en ningún caso numerus clausus, poderanse desenvolver nas seguintes actividades:

- a).- Bibliotecas.
- b).- Área de Benestar Social.
- c).- Area de Medio Ambiente.
- d).- Limpeza Pública.
- e).- Mantemento e Reparación de Mobiliario Urbano.
- f).- Centros Asistenciais.

Calquera outra actividade análoga ás citadas anteriormente.

29.2.- Os traballos en beneficio da Comunidade, terán carácter voluntario e alternativo, e non poderán impoñerse sen o consentimento expreso da persoa sancionada.

29.3.- O procedemento a seguir para acollerse á execución alternativa de sancións é o seguinte:

a).- No prazo de 15 días hábiles a contar dende a data de notificación da Resolución que poña fin ao expediente sancionador en vía administrativa, a persoa sancionada economicamente, poderá elevar instancia ao Concello onde manifestará o seu consentimento e vontade de que lle sexa aplicada como sanción alternativa o realizar traballos en beneficio da Comunidade.

O interesado deberá facer constar na súa instancia o expediente, a súa referencia e o seu número ordinal.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

b).- No prazo de 30 días hábiles, contados desde a data de presentación da solicitude, comunicarase á persoa sancionada o lugar ou entidade ao que foi asignado, a actividade a realizar, a duración e a persoa responsable do seu control, vixilancia e seguimento.

c).- A persoa responsable do seguimento, ao finalizar o sancionado a actividade ou ben se incumprira inxustificadamente a mesma, elevará informe ao respecto á Unidade Administrativa que instruíu o expediente.

d).- Si a persoa executase os traballos en beneficio da Comunidade conforme ao ordenado notificaráselle a condonación da sanción pecuniaria.

e).- Si non executase os traballos conforme ao ordenado, procederase a remitir a resolución que contempla a sanción económica aos servizos municipais de recadación para que proceda á súa execución ben en vía voluntaria ou no seu caso en executiva.

29.4.- Cada 30 €. de sanción corresponderá a unha Xornada de Traballo en beneficio da Comunidade.

Cando a sanción económica non sexa múltiplo de 5 redondearase á cantidade resultante inferior.

A xornada de traballo en beneficio da Comunidade terá unha duración de 5 horas.

Para o cumprimento das xornadas terase en conta as cargas persoais e familiares do sancionado.

A execución das xornadas estará rexida por un principio de flexibilidade a fin de facer compatible en actividades diarias do sancionado co cumprimento dos traballos.

A realización dos traballos en beneficio da Comunidade, en ningún caso serán retribuídas.

Artigo 30º. Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador aterase ao previsto na normativa xeral (Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora). En especial serán de aplicación os prazos de prescrición establecidos nestas normas.

CAPÍTULO VI.

Reclamacións e xurisdición.

Artigo 31º. Reclamacións.

Con independencia do que se establece no artigo seguinte, as reclamacións, dúbidas ou interpelacións que sobre as condicións de prestación dos servizos expoña calquera usuario serán resoltas administrativamente polo organismo correspondente da administración pública que en cada caso resulte competente.



Venres, 22 de xaneiro de 2021

Núm. 14

Artigo 32º. Recursos.

Contra as resolucións da Entidade poderán interporse os recursos e reclamacións que, con carácter xeral, establece a lexislación vixente en materia de Administración Local.

Artigo 33º. Xurisdición.

Para a resolución de problemas que puidesen xurdir da interpretación e aplicación deste Regulamento serán competentes os tribunais do contencioso -administrativo que corresponda.

Disposición derogatoria.

Derróganse, deixándoas sen valor nin efecto ningún, a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, cantas disposicións, regulamentos e ordenanzas de igual ou inferior rango estean establecidas e/ou opóñanse a ela, e nominadamente á ordenanza xeral de protección medioambiental do Concello de Meis, en todo aquilo que se opoña ou contradiga o presente regulamento.

Disposición final.

Este Regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Contra o acordo que poña fin á vía administrativa e contra a disposición xeral aprobada definitivamente pode interpoñerse directamente, por quen se considere lexitimado, o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da disposición impugnada, consonte ó establecido nos artigos 10.1.5) e 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xuño reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente conforme a Dereito, significándolle que o artigo 107.3 da lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento anterior, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Meis, á data da sinatura electrónica.

A ALCALDESA. Marta Giráldez Barral.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EN0YZAUV5OPHKCU1

